

# Programación inglés

2020-21

## Índice

- Consideracións xerais..... pág. 2
- 1º ESO..... pág. 16
- 2º ESO..... pág. 124
- 3º ESO..... pág. 222
- 4º ESO..... pág. 346
- 1º Bach..... pág. 490
- 2º Bach..... pág. 620

**Consideracións**

**xerais**

**1**

**I.E.S de Allariz**

**Área de Inglés. Programación didáctica. Curso escolar**

**2020/21**



## ÍNDICE

- DESCRIPCIÓN E IDENTIDADE DO CENTRO
- METODOLOXÍA DIDÁCTICA
- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE INGLÉS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS
- CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR
- FOMENTO DAS T.I.C.
- COLABORACIÓN DO DEPARTAMENTO COAS “SECCIÓNS BILINGÜES”
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES  
PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE INGLÉS
- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN  
E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A  
PRÁCTICA DOCENTE
- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO  
ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS  
EN DETERMINADAS MATERIAS
- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

## 1. DESCRIPCIÓN E IDENTIDADE DO CENTRO

O *I.E.S de Allariz* recibe alumnos do centro urbano da vila de Allariz, do rural, dos emigrantes retornados e dos inmigrantes sobre todo latinoamericanos.

O nivel socioeconómico da comunidade escolar non é uniforme detectándose diferenzas significativas dentro do alumnado. O nivel cultural das familias, pola súa banda, vai case sempre intimamente ligado ao económico e así se detecta no alumnado. Os alumnos cunha familia de formación media ou superior, que ven aos seus pais lendo o que viaxan algo e teñen unha pequena biblioteca na casa, teñen normalmente unha maior facilidade de aprendizaxe –comprensión e expresión- que os alumnos que veñen de ambientes onde a lectura é un hábito inexistente e as facilidades para acceder a un libro e a motivación paterna cara a lectura son pequenas ou nulas. Ademais, os alumnos de clase media teñen normalmente unhas expectativas profesionais máis altas, por influencia do entorno. As expectativas laborais de moitos dos nosos alumnos non van máis alá da profesión dos seus pais, polo que é difícil convencelos de que os estudos son algo fundamental para o seu futuro. Isto provoca unha actitude cara os estudos, e aínda máis cara os idiomas, que fai moi difícil motivalos a aprender algo ao que, de entrada, non lle ven utilidade. A preocupación maior do Departamento de Inglés é cómo motivar ós alumnos para que se vexan o suficientemente estimulados para aprender e practicar unha lingua totalmente distinta da que falan.

O acceso xeneralizado a Internet en moitas ocasións non vai parello a unha mellora no rendemento académico xa que se utiliza só para actividades de lecer, especialmente en redes sociais e xogos, que non aportan nada á formación dos rapaces. Cómpre por tanto educar “dixitalmente” aos rapaces porque a inclusión dixital, o contacto con esas ferramentas é fundamental para reducir a fenda entre os rapaces que proceden dun ambiente menos favorecido e os das clases acomodadas. Queremos ademais axudar a converter aos adolescentes en cidadáns que sean quen de razoar, de abstraer, de calcular, de dominar a realidade mediante a linguaxe. .

O alumnado conta con transporte escolar pola mañá e os luns pola tarde, día no que o Centro ofrece servizo de comedor. O centro tamén está aberto os mércores polas tardes para actividades de reforzo e deportes volleyball, fútbol, tenis de mesa ...)

### Profesorado do departamento:

Teresa Blanco Camba e Beatriz Fernández Paredes impartirán inglés exclusivamente. Olalla Calo Romay dará 13 horas de inglés e complementará con 6 horas de francés.

### Material empregado:

*Way to English 1. Burlington. 1ESO*

*Way to English 2. Burlington. 2ESO*

*Way to English 3. Burlington. 3ESO*

*Way to English 4. Burlington. 4ESO*

Living English: 1 BAC

*Living English 1º BAC*, complementado con material encamiñado a preparar a nova proba da ABAU. 2 Bacharelato

## **Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia**

### **1. Un grupo completo:**

- No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira telemática
- As tarefas propostas indicaranse durante a docencia online e/ou colgaranse na aula virtual/ classroom.
- As tarefas resoltas enviaranse ao profesorado por correo electrónico.
- Poderán ser corrixidas mediante:
  - clase telemática no horario da materia.
  - corrección individualizada e posterior envío por correo electrónico.
  - correccións globais explicativas subidas á aula virtual.

### **2. Parte do grupo:**

- No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira presencial e telemática.
  - Para o alumnado que acuda ás aulas, seguirase a metodoloxía habitual descrita na programación.
  - Para o alumnado que non asista presencialmente; no referente ás tarefas; seguirase o procedemento descrito no apartado 1 (Grupo completo).

## **Metodoloxía no caso do alumnado que non poida seguir ensinanza telemática**

1. Acceso limitado a internet, unicamente: correo, aula virtual, pero non segue a clase online O alumnado poderá acceder a explicacións escritas detalladas, tarefas propostas e correccións personalizadas subidas á aula

virtual ou mediante o envío de dito material ao correo electrónico.

## 2. Sen acceso a internet

◦ **Despois da comunicación da ausencia (total ou parcial) dos/as estudantes; tentarase (para este alumnado) nos dous días seguintes a dita comunicación, deixar impresas as explicacións detalladas, actividades propostas e actividades resoltas, desa semana:**

▪ **En conserxería (para que o recolla alguén achegado, que non se**

**atope en corentena) ▪ Para enviarse por correo ordinario, ou *a través***

***de reparto do concello.***

◦ **Se a ausencia do grupo ou do alumnado específico, se prolonga no tempo, os luns de cada semana os estudantes terán á súa disposición este material seguindo as vías anteriores.**

◦ **As dúbidas referentes á materia poderán ser resoltas mediante vía telefónica nas horas de titoría de atención a pais e nais e/ou nas horas de xefatura de departamento.**

Tendo en conta o novo marco lexislativo e o fincapé que nela se fai ao respecto das DESTREZAS BÁSICAS, e tendo en conta tamén que aprender unha lingua é aprender a comunicarse e, se a aprendizaxe implica non só producir frases gramaticais correctas, senon saber usalas nos distintos contextos da vida para establecer unha comunicación efectiva, o método que se seguirá será acorde con estes principios.

O "Communicative Approach" require por parte do profesor unha preparación previa e coidadosa tendo presentes os recursos con que conta e as necesidades e capacidades do alumnado

Como orientación e atendendo ó carácter comunicativo da metodoloxía aplicable, sublíñanse os seguintes principios básicos:

- Aprender unha lingua para poderse comunicar e desenvolver exitosamente tanto no plano oral
- coma no escrito dun xeito natural.
- Prestar unha especial atención ao desenvolvemento das estratexias e técnicas de aprendizaxe para que o alumnado poida afrontar situacións reais de comunicación.
- Entender o **funcionamento do sistema lingüístico** e reflexionar sobre este,

comparándoo coa lingua materna e así acadar un bo nivel de comunicación.

- Desenvolver as catro destrezas lingüísticas simultaneamente, xa que ningunha pode desligarse das outras.
- Á hora de expresarse oralmente, prestarase máis atención á fluidez que á corrección formal, tratando de que o alumnado se exprese con naturalidade e sen complexos.
- No tocante á comprensión auditiva, esencial para establecer a comunicación, rexeitarase o accesorio ou irrelevante, centrándose no que é básico para a comprensión da mensaxe.
- Procurarase que o alumno poida escoitar **diferentes rexistros de voces** ou gravacións.
- Realizaranse discusións estruturais baseadas en traballos seriamente preparados e exposicións orais do alumno.
- No tocante á expresión escrita, desenvolveranse as técnicas de síntese, paráfrase, diálogo, composición, descrición, ..., prestando especial atención ás técnicas de **autocorrección**.
- Xunto coa utilización do libro de texto marcado para cada nivel educativo e cada grupo de alumnado (de ser o caso) promoverase o uso de **material auténtico** e levaranse dentro da aula os diferentes aspectos da vida real, coa fin de suscitar o interese do alumnado e provocar a necesidade de usar a lingua coma medio de comunicación.
- Considerar a **motivación** coma factor decisivo e indispensable en todo proceso de aprendizaxe. Por iso deberanse ofertar temas de interese e marcar obxectivos claras de aprendizaxe.
- Ter presente que a lingua está ligada íntimamente á personalidade e **conducta social** do individuo como forma de comportamento humán.
- En relación co anteriormente dito, espertar no alumnado a responsabilidade por acadar a **autonomía** no seu proceso de aprendizaxe persoal, recoñecendo os métodos de estudio e o tipo de organización que máis lle axude e conveña.

Con esta orientación metodolóxica pretendese que o alumno sexa o elemento activo e o profesor o promotor e asesor da actividade. Débese promover que a iniciativa parta do alumno, que deste xeito se converterá no centro da actividade. Este feito, xunto coa planificación previa e coidadosa das sesións lectivas, fará que a participación se desenvolva espontaneamente.

O traballo en grupo ou en parellas, os debates, os "roleplays", a lectura de revistas e periódicos, a escoita sistemática de cancións, e o material de apoio necesario (destacando as TICs) deberían motivar o alumnado impulsándoo á práctica da lingua.

O ensino en equipo servirá tamén para facer ao alumnado solidario cos seus compañeiros e permitirá a cooperación entre tódolos membros do grupo aportando cada un a súas habilidades ou aptitudes particulares, as cales deberán ser detectadas e potenciadas polo traballo do profesorado.



### 3.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cando intentamos dar resposta á realidade humana do noso contexto educativo perseguimos un dos maiores obxectivos educativos: impartir ensino capaz de incluír a todo o alumnado e con garantías de igualdade de oportunidades de cara ao futuro. Entendemos por diversidade as diferenzas individuais que se manifestan en cada un dos nosos alumnos, referidas a capacidades, aspectos culturais ou lingüísticos, intereses, rendementos, motivacións, experiencias anteriores, incluídas aquelas en sistemas educativos diferentes, etc. Debe contemplarse por tanto a necesaria adaptación dos ensinos da ESO e Bacharelato ao alumnado con altas capacidades intelectuais así como aqueles con necesidades educativas especiais.

Se a todo o anterior engadimos o feito de que os aspectos sociais, culturais e lingüísticos e os propios sistemas educativos dos que proceden os rapaces son heteroxéneos (como xa indicamos máis arriba), obteremos como resultado unha realidade que debe ser tida en conta á hora de tratar a diversidade. Vista esta realidade cómpre dar relevancia ás actitudes e valores de respecto, tolerancia e comprensión cara ás diferenzas máis palpables. Tendo en conta o diverso do noso alumnado debemos atopar métodos, estratexias e recursos para que todos teñan posibilidades de éxito. A atención á diversidade debe concretarse partindo da mesma planificación de elementos curriculares para todos e á vez, personalizando os ensinos, ofertando procesos de aprendizaxe comúns de acordo ás características persoais dos nosos alumnos.

Como punto de partida, para dar resposta á diversidade existente no centro suscítanse unha serie de medidas:

**a) Organizativas**

- 1) Agrupamentos flexibles de alumnos en función de diferentes indicadores: permiten a intervención do profesor en grupos menos numerosos e a realización de traballos máis específicos de acordo ás necesidades dos alumnos.
- 2) Permanencia dun ano máis na etapa, de darse as condicións que establece a norma.

**b) Curriculares**

- 1) Selección de contidos mínimos de cada curso como base para a consecución dun nivel adecuado.
- 2) Reforzo dos contidos do curso anterior, tomándoos en ocasións como punto de partida para os novos contidos.
- 3) Adaptación dos materiais didácticos aos distintos niveis existentes para que todos os alumnos poidan desenvolver as súas capacidades.

**c) Metodolóxicas**

- 1) Formulación de actividades diversificadas, adaptadas aos diferentes niveis e intereses dos alumnos.
- 2) Promoción de aprendizaxes significativas e funcionais.
- 3) Fomento da participación cooperativa en pequeno grupo ou en gran grupo, no proceso de ensino e aprendizaxe.
- 4) Valoración do esforzo, motivación e capacidade de superación na traxectoria do alumno e participación activa de alumno no seu propio proceso de aprendizaxe
- 5) Promoción da autoevaluación como medio de toma de conciencia do seu proceso de aprendizaxe.
- 6) Desenvolvemento da autonomía do alumno.

Dentro da aula tivemos en conta **catro ámbitos** de diversidade:

### 1) *A capacidade para aprender a aprender*

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen.

### 2) *A motivación para aprender*

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais, coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

### 3) *Os estilos de aprendizaxe*

Existen moitos tipos de investigacións sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Cómpre prestar unha atención especial no deseño das actividades á “modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posíbeis formas de levar á práctica o aprendido.

### 4) *Os intereses dos alumnos/as*

O esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe.

De acordo con todo o indicado, existen unhas liñas de actuación xerais na atención á diversidade:

- Facilitar ao alumnado unha resposta adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación, formulando actividades diversificadas, adaptadas aos diferentes niveis e intereses do alumnado.
- Establecer canles de colaboración e coordinación entre os diversos profesores que interveñen nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Previr e intentar resolver os problemas de exclusión social, discriminación ou inadaptación que puidesen xurdir entre o alumnado.
- Considerar a diversidade educativa, social, lingüística e cultural como un elemento enriquecedor do centro e implicar ao profesorado na atención personalizada ao alumno.

## **4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias do xeito que se indica a continuación:

*Competencia en comunicación lingüística* ao completar, enriquecer e buscar novos matices

comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar oralmente e por escrito.

**Competencia para aprender a aprender** ao facilitar ou completar a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a mesma. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva para a toma de decisións que favorecen a autonomía, co fin de utilizar e de seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

**Competencia social e cidadá** ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas. A través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as alleas, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.

**Competencia en tratamento da información e competencia dixital** ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicármonos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

**Competencia artística e cultural** ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países onde se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia cando se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e cando se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como poden ser a realización e a representación de simulacións e narracións.

**Competencia autonomía e iniciativa persoal** ao fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e de habilidades sociais de colaboración e de negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten a realización de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

## 5. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Desde a materia de lingua estranxeira e de acordo cos grupos de dinamización correspondentes, tentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Colaboración e promoción de actividades na Biblioteca do centro.
- Desenvolvemento da autonomía persoal no eido da lectura de textos en lingua inglesa.

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecemento previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para iso, algunhas das actividades propostas poden ser:

- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa en inglés.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.

## **6. FOMENTO DAS T.I.C.**

- Aproveitamento do medios materiais que teñen que ver coas TIC a disposición no centro. Todas as aulas contan cun proxector e cun ordenador, de aí que sexa doado empregar calquera tipo de aplicación ou programa na aula que lles permita aos alumnos facer máis atractivas as súas presentacións orais ou acceder a fontes de consulta.
- A documentación adicional empregada polo profesor, ademais das tradicionais fotocopias, pode ser distribuída ao alumnado ou ben mediante o correo electrónico, nun lápiz de memoria (pendrive) ou colgada na páxina web do instituto
- Promoción do uso e utilización de materiais complementarios de uso autónomo: blogs e páxinas web con exercicios (interactivos) de todo tipo.

## **7. COLABORACIÓN DO DEPARTAMENTO COAS “SECCIÓNS BILINGÜES”**

Este curso académico recuperamos a sección bilingüe en 3º ESO. Temos un grupo de 24 alumn@s aos que se lles impartirá xeografía e historia en inglés. En nengún momento serán avaliados polo seu manexo do inglés nesta asignatura.

## **8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

Debido á nova situación non se poden levar a cabo actividades extraescolares que incumplan a normativa sanitaria.

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación da materia pendente, o departamento de inglés estima que o método ideal para a recuperación da Lingua Inglesa, é a superación da materia no nivel que cursa actualmente o alumno. O alumnado coa materia pendente do nivel ou niveis anteriores será cualificado polo profesor do grupo no que estea matriculado. Por

considerarse esta unha materia con contidos progresivos e acumulativos o alumno obterá cualificación satisfactoria na materia pendente, cando na opinión do profesor ou equipo de profesores, a primeira avaliación sexa superada atendendo ós obxectivos e contidos mínimos dos diferentes niveis, así como ós criterios e instrumentos de avaliación desta programación. Con isto preténdese motivar ao alumnado constantemente para que sexa consciente de que o esforzo recompensa. Cando hai mais dun curso suspenso , o curso posterior recuperaríase na segunda avaliación.

Faráse un seguimento personalizado de cada alumno para facilitarlle que poida recuperar a asignatura na primeira avaliación.

De todos os xeitos, o departamento recomenda que o alumnado realice as probas específicas que se fan ao longo do curso para poder aprobar a materia pendente, aínda que non supere a do curso actual. Faranse **unha convocatorias** de exames finais durante o curso os mércores pola tarde para non interferir deste xeito no normal funcionamento da actividade docente. O alumnado será avaliado de toda a materia do curso que ten pendente e haberá preguntas de vocabulario, gramática e redacción e no caso de Bacharelato tamén poderá haber unha proba de “comprensión auditiva” e “comprensión escrita”. É importante sinalar que o alumno non aprobará a materia do presente curso se non aproba a pendente, e quedará suspenso para setembro. Se volveira a suspenderlo , o alumno pasaría co inglés pendente.

## 10.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O profesorado do departamento reunirse de xeito mensualmente, ben nun recreo ou nunha hora que todos teñan libre para coordinarse, detectar problemas de aprendizaxe nos diferentes niveis, analizar o ritmo das clases e ver se fai falla facer algunha modificación na programación. Despois das avaliacións o departamento reunirse e sacará conclusións do seguimento da programación, do grao de cumprimento dos obxectivos, da adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación, etc e incluírá os cambios que se estimen oportunos nas actas do departamento. Estas reunións teñen por obxecto determinar en qué medida o deseño proposto (unidades didácticas, metodoloxía, materiais, ...) foi adecuado ou non para lograr os obxectivos fixados.

Podemos, tamén, falar de **tres momentos** á hora de avaliar a programación didáctica (inicial, de proceso e final), sendo os que seguen algúns dos aspectos sobre os que se reflexionará á hora de avaliar o proceso desenvolvido coa posta en práctica de cada unidade formativa, ou ben de toda a programación unha vez rematado o curso:

- Adecuación dos obxectivos e dos contidos específicos propostos en cada unidade.
- Idoneidade das actividades propostas e a súa secuencia.

- Diversificación de estratexias que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe detectados no alumnado.
- Adecuación da metodoloxía e dos materiais empregados.
- Nivel de interacción con e entre o alumnado e o clima establecido na aula.
- Todo o que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe: organización, espazos, agrupamentos.
- Coordinación co resto de profesores que interveñen co mesmo grupo de alumnos a través do profesor titor, así como a comunicación cos pais.
- Validez dos criterios e instrumentos de avaliación establecidos.

Para ter unha referencia o máis axustada posible á realidade, o alumnado TAMÉN participará nesta faceta do proceso de avaliación cubrindo unha ENQUISA DE AVALIACIÓN (véxase a continuación).

Unha vez avaliado tanto o deseño como o desenvolvemento da programación, tomaremos decisións sobre os aspectos que debemos modificar, orientando novamente o proceso de ensino-aprendizaxe e tendo sempre como finalidade última a súa optimización.

Calquera modificación deberá ser recollida nas actas do Departamento deberá constar na memoria final do curso.

Esta programación aprobouse en reunión do Departamento polos seus integrantes.

## **11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS**

No caso de que un alumno se cambiase de francés a inglés en segundo de Bacharelato tería que recuperar o inglés de primeiro de Bacharelato. Se aprobase a avaliación correspondente en segundo, quedaríalle aprobada a de primeiro. De non ser así, tería que facer exames de recuperación o mércores pola tarde para non interferir no seu horario de clase.

## **12. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Segundo a lexislación vixente o alumno que suspenda a materia na convocatoria ordinaria de xuño, ten a opción de aprobar na convocatoria extraordinaria en setembro. Neste caso, non se fai proba oral por falta de tempo, xa que a duración do exame para cada curso non

supera os 70 minutos. Só no caso de segundo de Bacharelato dispoñemos de máis tempo para facer unha proba semellante á da ABAU , 90 minutos que inclúen resumo dun texto, sinónimos, gramática, redacción , fonética e Listening. Este ano esta proba terá lugar na segunda quincena de xuño dacordo coa nova normativa.

## ANEXO I: ENQUISA DE AVALIACIÓN

ENQUISA DE AVALIACIÓN	DATA ...../ ...../ 20...																														
CURSO:																															
PROFESOR/A:																															
1 = <i>Totalmente en desacordo</i> 2 = <i>Bastante en desacordo</i> 3 = Regular 4 = <i>Bastante de acordo</i> 5 = <i>Totalmente de acordo</i>	<b>PUNTUACIÓN</b> <b>Risca no cadro cun "X"</b>																														
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 15%;">1</th> <th style="width: 15%;">2</th> <th style="width: 15%;">3</th> <th style="width: 15%;">4</th> <th style="width: 15%;">5</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> <td style="text-align: center;"> </td> </tr> </tbody> </table>	1	2	3	4	5																									
1	2	3	4	5																											
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As clases comezan e rematan con puntualidade.</li> <li>▪ O profesor/a atende dúbidas e procura adaptarse á diversidade dos intereses dos alumnos</li> <li>▪ Na clase crea un bo ambiente.</li> <li>▪ Explicou os obxectivos do curso e criterios de avaliación de forma clara.</li> <li>▪ A forma de corrixir e valorar as probas e traballos, axústanse ao realizado nas aulas</li> <li>▪ O profesor/a comunícase de forma clara e fácil de entender</li> </ul>																															
<b>O QUE ME GUSTOU FOI:</b>																															
<b>O QUE NON ME GUSTOU FOI:</b>																															
<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>																															

*Grazas pola túa colaboración*





IES DE ALLARIZ

PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA

CURSO ESCOLAR:2020-2021

1º ESO

## A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- A1) Materiais e recursos didácticos.....páx.3
- A2) Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación cos obxectivos e as competencias clave, indicación do Grao Mínimo de consecución para superar a materia e temporalización..... .páx.3
- A3) Rúbrica de avaliación por estándares de aprendizaxe..... páx.28
- 4A) Avaliación e promoción.....páx.99
  - 1) Avaliación inicial.....páx.99
  - 2) Criterios de avaliación.....páx.99
  - 3) Mínimos esixibles.....páx. 99-100
  - 4) Instrumentos e procedementos de avaliación..... páx.100-101
  - 5) Criterios de promoción.....páx.102
  - 6) Consideracións finais.....páx.102

Esta programación está dirixida a dous grupos que impartirá o profesor

**A1) Materiais e recursos didácticos**

A parte do libro de texto Way to English (Burlington), que se utilizará coma base, o profesor utilizará unha serie de actividades escritas complementarias extraídas de outros textos, libros de lecturas, artigos de prensa escrita e dixital, etc. O diccionario bilingüe será tamén utilizado como ferramenta no traballo diario da aula, podendo ser este usado na súa versión dixital (liguee, word reference, etc...). O uso das novas tecnoloxías estará en todo momento presente, podendo realizarse diversas actividades online guiadas polo profesor como Webquests ou actividades individuais coma quizzes, wordsearch, crosswords, etc. Como recursos espaciais teremos como referencia a aula e a sala de computadores. Os alumnos poderán sentarse en parellas, grupo ou de forma individual dependendo do tipo de actividade que se estea a realizar e sempre tendo en conta a atención a diversidade.

**A2) Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en**

**relación cos obxectivos e as competencias clave, indicación do Grao Mínimo de consecución para superar a materia e temporalización:**

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</li> <li>– Uso dos coñecementos referenciais</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conséguese.</li> <li>- Non o consegue totalmente.</li> <li>- Conséguese con dificultade.</li> <li>- Non o consegue.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conséguese.</li> <li>- Non o consegue</li> </ul>	

<p>sobre o tema.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de palabras clave.</li> <li>- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</li> <li>- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</li> <li>- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</li> <li>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</li> </ul>	<p>coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</li> </ul>	<p>instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.</p>	<p>totalment e.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conségue o con dificultad e.</li> <li>- Non o consegu e.</li> </ul>	
	<p>baseadas no contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conségue o.</li> <li>- Non o consegue totalment e.</li> <li>- Conségue o con dificultad e.</li> <li>- Non o consegu e.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conségue o.</li> <li>- Non o consegue</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

		<p>principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p>	<p>totalment e. - Conségue o con dificultad e. - Non o consegu e.</p>	
		<p>▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas</p>	<p>▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p>	<p>- Conségue o. - Non o consegue totalment e. - Conségue o con dificultad e. - Non o consegu e.</p>	<p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC</p>
			<p>▪ PLEB1.6. Identifica a información</p>	<p>- Conségue o.</p>	<p>▪ CCL ▪ CD ▪ CAA</p>

		<p>pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</li> <li>▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.</li> </ul>	<p>esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non o consegue totalmente.</li> <li>- Conségue o con dificultade.</li> <li>- Non o consegue.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
	<p>Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación.</li> <li>- Identificación</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conségue o.</li> <li>- Non o consegue</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

	<p>do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>–Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>–Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>–Execución.</p> <p>–Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>–Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa</p>	<p>aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</li> <li>▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando</li> </ul>	<p>polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</li> <li>▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en</li> </ul>	<p>totalmente.</p> <p>- Conséguese con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p> <p>- Conséguese o.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conséguese o con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p> <p>- Conséguese o.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
--	---	---	---	--	--



	<p>adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</p> <p>– Lingüísticos :</p> <p>– Modificación de palabras de significado parecido.</p>	<p>conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o</p>	<p>xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p> <p>▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.</p> <p>▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso</p>	<p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conségueo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p> <p>- Conségueo.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conségueo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p> <p>- Conségueo.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conségueo con</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p>
--	--	--	---	--	---

	<p>– Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión.</p> <p>– Paralingüísticos:</p> <p>– Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>– Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</p> <p>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>– Uso dos</p>	<p>discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p>▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións</p>	<p>comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<p>dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p>	
			<p>▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e</p>	<p>- Conséguelo.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conséguelo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p>

	<p>elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou óntes das partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</li> <li>▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.</li> </ul>	<p>habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</li> </ul>	<p>das súas compañeiras.</p>		
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</p>					

Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, seguindo normas de cortesía básicas, sempre que a persoa interlocutora coopere.	Desenvólvese con certa corrección en xestións e transaccións cotiáns, seguindo normas de cortesía básicas, sempre que a persoa interlocutora coopere.	Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiáns, seguindo normas de cortesía básicas, sempre que a persoa interlocutora coopere.	Non se desenvolve correctamente en xestións e transaccións cotiáns, seguindo normas de cortesía básicas,

			aínda que a persoa interlocutora coopere.
Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións	Participa, en ocasións, en conversas informais cunha pronuncia non sempre comprensible, intercambia algunha información e expresa algunhas opinións e puntos de vista, fai en certos casos, invitacións e ofrecementos e pide ou dá indicacións.	Apenas participa en conversas informais cunha pronuncia non sempre comprensible; intercambia información con dificultade e non sempre é quen de expresar opinións e puntos de vista, facer invitacións ou ofrecementos ou pedir e dar indicacións.	Non participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible, nin intercambia información nin expresa opinións nin puntos de vista, nin fai invitacións nin ofrecementos, nin pide ou dá indicacións nin discute para realizar unha actividade conxunta.
Colabora coas demais persoas na tarefa da comunicación e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Colabora parcialmente coas demais persoas na tarefa da comunicación e manifesta certo interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Apenas colabora coas demais persoas na tarefa da comunicación e manifesta escaso interese ou respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Non colabora coas demais persoas na tarefa da comunicación nin manifesta interese nin respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.
Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, sempre que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.	Case sempre, toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, sempre que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.	Toma parte, con certa dificultade, nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, sempre que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.	Non toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela nin intercambia información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, aínda que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.
Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.	Segue, nalgunhas ocasións, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.	Segue, en certas ocasións, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.	Non segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.

Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	Entende, parcialmente, os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	Apenas entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	Non entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.
Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese	Entende algunha información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.	Entende certa información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.	Non entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.
Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Comprende parcialmente correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Apenas comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Non comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.	Entende algunha información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.	Entende certa información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.	Non entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.
Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Comprende con relativa fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Comprende con escasa fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Non comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

			adaptados para o seu nivel.
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción			
Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura.	Utiliza algunhas estratexias que faciliten o proceso de escritura.	Apenas utiliza estratexias que faciliten o proceso da escritura.	Non utiliza estratexias que faciliten o proceso da escritura.
Escribe textos moi breves en formato convencional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.	Escribe algúns textos moi breves en formato convencional, describindo con certa dificultade situacións, persoas, obxectos e lugares	Escribe certos textos moi breves en formato convencional, describindo con dificultade situacións, persoas, obxectos e lugares.	Non escribe textos moi breves en formato convencional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.
Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Completa parcialmente un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Completa con dificultade un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Non completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.
Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	En ocasións, escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	Apenas, escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	Non escribe notas, anuncios ou mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.
Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información , se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Escribe algunha correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Escribe, con certa dificultade, correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Non escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información , se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e

			suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.
Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Fai unha presentación regular dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando con certa corrección as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Apenas fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando con relativa corrección as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Non fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural			
Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, e reconece e produce comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Utiliza a lingua estranxeira nalgunhas das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos e reconece e produce en ocasións patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Utiliza con dificultade, a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos e reconece e produce en certas ocasións patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Non utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, e non reconece nin produce comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensibles os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	Escribe con relativo dominio ortográfico suficiente para facer comprensibles os textos, sen apenas cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	Apenas escribe con dominio ortográfico suficiente como para facer comprensibles os textos, cometendo certos erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	Non escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, e comete erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.
Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo.	Utiliza algunhas convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo.	Utiliza certas convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo.	Non utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo.
Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando diversas culturas e evitando	Na propia lingua, identifica en ocasións, aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando diversas culturas	Na propia lingua, identifica apenas aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando con	Na propia lingua, non identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala



estereotipos e valoracións etnocéntricas.	e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	dificultade diversas culturas co fin de evitar estereotipos e valoracións etnocéntricas.	a lingua estranxeira, comparando diversas culturas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.	Nas actividades de aula, utiliza nalgúns ocasións, para a comprensión e elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.	Nas actividades de aula, apenas utiliza para a comprensión e elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.	Nas actividades de aula non utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.
Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.	Comunica con relativa eficacia, comprendendo e utilizando nalgúns ocasións as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.	Comunica con escasa eficacia, comprendendo e utilizando en certas ocasións as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.	Non comunica con eficacia, non comprende nin utiliza adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.
Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Coñece algún vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Coñece certo vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Non coñece nin utiliza un vocabulario oral ou escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa dalgún xeito en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita algúns estereotipos lingüísticos ou culturais e valora relativamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en certos proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, nalgún caso evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Non participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.



## 4. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Neste curso os alumnos avaliaranse da gramática do inglés, do léxico, así como da comprensión oral (listening), da comprensión escrita (reading), da expresión oral (speaking) e da expresión escrita (writing). Na parte de expresión escrita, pedirase un texto dun mínimo de 60 palabras. Será ademais relevante o comportamento do alumno na aula, e o seu respecto ó profesor e ós compañeiros, así como o traballo na casa e no aula e a súa participación.

O NIVEL DE SUFICIENCIA para a superación da materia deberá de ser igual ou superior a 5.

### 4.A AVALIACIÓN Inicial

Durante os primeiros días de clase realizarase unha avaliación inicial do alumnado. Farase por medio dunha proba inicial para diagnosticar a situación de partida de cada alumno/a en relación ós seus coñecementos previos relativos ó curso anterior.

Se algún alumno/a presentara carencias importantes haberá que adaptar as nosas explicacións e as fichas ó seu nivel e, se é necesario proceder a facer unha adaptación curricular ca idea de que aprenda un certo número de contidos.

### 4.B: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A continuación detallamos por Bloques cales serán os criterios de Avaliación:

<p>Bloque 1. Comprensión de Textos Oraís</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</li><li>▪ B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</li><li>▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</li><li>▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</li><li>▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</li><li>▪ B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.</li></ul>
<p>Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.</li><li>▪ B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións</li></ul>

e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.

- B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.
- B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
- B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.
- B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.
- B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.

### Bloque 3: Comprensión de textos escritos

- B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
- B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.
- B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.
- B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto.
- B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.

### Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo.
- B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.
- B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo.
- B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.
- B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.
- B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

### Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

- B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras

teñan que solicitar repeticións.

- B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.
- B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.
- B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.
- B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.
- B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.
- B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.
- B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

#### 4.C: MINIMOS Esixibles: Contidos sintáctico discursivos

Para este curso (2ºESO) os mínimos esixibles serán:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*be-cause (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*if; unless*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags*)
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful trip!; How + Adj., e. g. How amazing!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great! Terrific!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e.g. never mind, not to worry), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for; tags*).
  
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e.g. usually); used to*); incoativo (*starting*); terminativo (*stop ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e.g. there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (*e. g. good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e.g. all (the), most, both, none. Degree: e.g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e.g. five to ten); divisions (e. g. century; sea-son), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e.g. easily; by post*).

#### 4.D Instrumentos e procedementos de avaliación.

En 2ºB y C:

1º: OBSERVACIÓN do desenrolo do proceso educativo na aula, tendo en conta a participación,o esforzo que se pon en traballar e aprender no aula.

2º: TRABALLO realizado na clase ou na casa: tarefas recollidas no caderno de clase, exercicios específicos entregados ó/a profesor/a. Asimesmo, non se recollerán estos últimos fora de prazo se non está debidamente xustificado.

3º: PROBAS

En cada avaliación, o/a profesor/a fará como mínimo unha proba por trimestre. Cada proba consistirá nas seguintes partes que puntuarán da seguinte forma:

1.GRAMMAR & VOCABULARY (40%)

2.WRITING (30%)

3.LISTENING e SPEAKING ( 20%)

O 10% restante será a nota que o profesor lle porá ó alumno pola súa participación, atención, polo seu interese, esforzo e polo seu traballo, tanto na clase como na casa.

A avaliacion será continúa polo que o alumnado debe superar a proba final que incluírá contidos de todo o curso.

A nota da terceira avaliación será a nota resultante da suma da cualificación obtida no exame e o 10 % restante.

**Nota:** Debido ó carácter progresivo e integrador da materia de inglés na que os contidos vanse repetindo ó longo do curso,non haberá proba de recuperación.

En 2º A:

1º: OBSERVACIÓN do desenrolo do proceso educativo na aula, tendo en conta a participación,o esforzo que se pon en traballar e aprender no aula.

2º: TRABALLO realizado na clase ou na casa: tarefas recollidas no caderno de clase, exercicios específicos entregados ó/a profesor/a. Asimesmo, non se recollerán estos últimos fora de prazo se non está debidamente xustificado.

3º: PROBAS

En cada avaliación, o/a profesor/a fará como mínimo unha proba por trimestre. Cada proba consistirá nas seguintes partes que puntuarán da seguinte forma:

1.GRAMMAR & VOCABULARY (40%)

2.WRITING (30%)

3.LISTENING e SPEAKING ( 20%)

O 10% restante será a nota que o profesor lle porá ó alumno pola súa participación, atención, polo seu interese, esforzo e polo seu traballo, tanto na clase como na casa.

As dúas primeiras avaliacións suporán un 30% da nota final cada unh.a, mentras que a terceira valerá un 40%.Para facer media hai que ter acadado un 40% en cada trimestre.

A nota da terceira avaliación será a nota resultante da suma da cualificación obtida no exame e o 10 % restante.

**Nota:** Debido ó carácter progresivo e integrador da materia de inglés na que os contidos vanse repetindo ó longo do curso,non haberá proba de recuperación.

Á hora de avaliar a **destreza oral** do alumno valoraranse os seguintes elementos:

- . **Pronuncia.** Aquí teranse en conta tanto a corrección na mesma, como a entonación e o ritmo
- . **Fluidez**
- . **Corrección gramatical** e uso de **vocabulario adecuado** ao nivel do alumno/a.
- . **Contido.** O alumno deberá axustarse ao que se lle pide.

Á hora de avaliar a **destreza escrita** do alumno, teranse en conta os seguintes factores:

- . **Contido.** Adecuación de forma e estrutura ao que se pide e que a información que se inclúa no texto sexa relevante.
- . **Linguaxe.** Uso apropiado da linguaxe de acordo co nivel e vocabulario acorde co mesmo.
- . **Corrección gramatical.** A corrección gramatical debe permitir unha comunicación fluída.
- . **Ortografía, puntuación**
- . **Coherencia, cohesión e organización da información en parágrafos.**
- . **Orde,** presentación e **desenvolvemento da tarefa**

#### **4E. Consideracións finais**

1. Os exames trimestrais (escritos ou orais) poderán realizarse os mércores pola tarde se fose necesario por falla de tempo para impartir todos os contidos recollidos na programación ou ben porque a propia lonxitude do exame excedese os 50 minutos da clase.
2. O alumno/a aprobará solo se consegue un 5 ou mais. O que sexa menos dun 5 se considerará suspenso.
3. Os alumnos/as que sexan atopados copiando ou dicíndolle algo a outro nun exame deberá entregar o seu examen e a nota será a calificación máis baixa posible nesa mesma proba.
4. Se un alumno non se presenta a un examen, se lle repetirá só se trae un xustificante médico ou se a falta é por causa de forza maior ou ben se o pai, nai ou tutor legal xustifica correctamente esa ausencia en persoa/vía telefónica.
5. No caso de que o alumno non poida avaliarse de modo ordinario, ó superar o número de faltas de asistencia permitidas segundo establece o Regulamento de Réxime Interno do centro, o/a profesora realizará a/as proba/as correspondentes á avaliación en curso, nas condicións que establezca.

#### **4F. Criterios de promoción**

Aplicarase a normativa vixente ao respecto.

# **I.E.S de Allariz**

***Programación didáctica “3º ESO”-Curso escolar***

***2019-2020***



## ÍNDICE

### PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A1)-Materiais e recursos didácticos.....	Páx.2
A2)- Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación cos obxectivos e as competencias clave, indicación do Grao Mínimo de consecución para superar a materia e temporalización.....	Páx.8
A3)- Rúbrica de avaliación por estándares de aprendizaxe.....	Páx.30
A4)-Avaliación e promoción.....	Páx.112
-1) Avaliación inicial.....	Páx.112
-2) Criterios de avaliación.....	Páx.113-114
-3) Mínimos esixibles.....	Páx.115
-4) Instrumentos e procedementos de avaliación.....	Páx.116-117
-5) Criterios de promoción.....	Páx.117
-6) Consideracións finais.....	Páx.117

### A) PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

#### A1)-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Way to English ESO 3 é un curso claramente estruturado que se centra no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achega o mundo real á aula da ESO para que os alumnos/as reflexionen, non deixen de estar motivados e empreguen o inglés na súa expresión de xeito sinxelo e natural.

Compoñentes do curso

Para o estudante:

Student's Book

- Unha unidade introdutoria para repasar o vocabulario, a gramática, as estratexias de

escritura e a linguaxe da clase básicos.

- Nove unidades didácticas claramente estruturadas, cunha tarefa comunicativa cada dúas páxinas.
- Tres seccións de repaso con exercicios de vocabulario e gramática acumulativos, unha páxina de literatura e un proxecto que inclúe a tarefa Techno Option.
- Contido cultural e interdisciplinario integrado nas actividades da unidade.
- Énfase na aprendizaxe de vocabulario e a súa constante reciclaxe.
- Exercicios de comprensión e expresión orais frecuentes.
- Páxinas de Way to English en todas as unidades, que se centran no inglés funcional que se produce en situacións comunicativas reais.
- \* Materiais de IC Classroom integrados ao longo de toda a unidade.
- Extra Reading, unha sección cultural e interdisciplinaria.
- Unha sección Grammar Charts and Extra Practice de teoría e práctica da gramática con cadros e exercicios de gramática adicionais en dous niveis.
- Un apéndice para traballar en parellas (Pairwork Appendix).
- Un apéndice de pronuncia con exercicios adicionais (Pronunciation Appendix).
- Lista de verbos irregulares.

#### Workbook

- Unha unidade de introdución e nove unidades con exercicios graduados de vocabulario e gramática, textos de lectura, exercicios de comprensión oral, diálogos para completar, práctica adicional de escritura, Check Your Progress e Self-Evaluation.
- Un glosario e unha lista de linguaxe funcional coa súa transcripción fonética e traducións en lingua propia.
- Un apéndice gramatical coas explicacións en lingua propia e exemplos bilingües.
- Unha lista de verbos irregulares traducidos á lingua propia.
- Unha guía de escritura con pautas paso a paso que facilitarán a autocorrección.
- Páxinas Writing Plan para completar cos exercicios de expresión escrita propostos no Student's Book.
- Cadros de autoavaliación do estudante na sección Learning Competences.

#### Language Builder (combinado co Workbook)

- Vocabulario e linguaxe funcional clasificados por temas.
- Divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.

#### Interactive Students

- Interactive Wordlist: glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario.
- Interactive Vocabulary Practice.
- Interactive Grammar Practice: exercicios gramaticais con autocorrección.
- Dialogue Builders: práctica da linguaxe funcional mediante diálogos.
- Techo Help: axuda e recursos para realizar as actividades Techno Option.
- Communication and Culture Videos.

Word App: Lista interactiva de vocabulario e actividades para a aplicación móbil para practicar en calquera momento e lugar.

#### Páxina web de Way to English ESO 3 – Student's Zone

Todas as gravacións dos textos do Student's Book, os exercicios de comprensión oral do

Workbook coas súas transcripcións e os ditados do Workbook en formato mp3.

Para o profesor/a:

Teacher's Manual

- Unha presentación do curso e dos seus compoñentes.
- Unha sección de avaliación.
- Directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
- Notas didácticas claras, concisas e intercaladas coas páxinas do Student's Book, onde se destacan sobre un fondo de cor as referencias a outros compoñentes do curso, para facilitar a preparación das clases.
- As respostas aos exercicios do Student's Book.
- Información sociocultural e interdisciplinaria sobre os temas que se tratan no Student's Book.
  
- Actividades de reforzo e ampliación.
- Transcripción dos exercicios de comprensión oral.
- Actividades opcionais de comprensión oral.
- Cadros fotocopiábeis do Student's Book para facilitar o traballo na clase (dispoñíbeis tamén na páxina web de Burlington Books: [www.burlingtonbooks.es/waytoenglish3](http://www.burlingtonbooks.es/waytoenglish3)).

Teacher's All-in-One Pack

- Unha sección de exames (Tests) que consta de:
  - Un exame de diagnóstico (Diagnostic Test) e follas de repaso (Revision Worksheets).
  - Un exame por unidade (Unit Tests) con tres niveis de dificultade.
  - Tres exames trimestrais (Term Tests) con dous niveis de dificultade.
  - Dous exames finais (Final Tests).
  - Un exame de comprensión oral (listening) e expresión oral (speaking) por unidade e trimestre, e outro final.
  - Tres exames de competencias clave (Key Competences Tests).
  - A clave de respostas.
- Unha sección de atención á diversidade que inclúe:
  - Dúas follas fotocopiábeis por unidade con práctica adicional das estruturas gramaticais e do vocabulario (Extra Practice).
  - Unha folla fotocopiábel por unidade para que amplíen os coñecementos adquiridos (Extension).
  - A clave de respostas.
- Unha sección de actividades orais adicionais para realizar en parella (Extra Speaking) con clave de respostas.
- As gravacións de todos os exercicios de comprensión oral están dispoñíbeis na páxina web de Burlington Books (tamén en CD baixo pedido).

Recursos dixitais para o profesor/a (dispoñíbeis na Teacher's Zone de [www.burlingtonbooks.es](http://www.burlingtonbooks.es))

- Interactive Whiteboard Materials, que inclúen as versións dixitais, enteiramente interactivas, do Student's Book, o Workbook e o Language Builder, para profesores que traballan con encerados interactivos ou que están nunha clase dixital 1x1. Os contidos de

Interactive Classroom están integrados no Student's Book dixital.

- Sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), para levar un seguimento do progreso dos alumnos/as de maneira interactiva.
- Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel.
- Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente.
- Burlington ESO Culture Bank, con pantallas e preguntas culturais e interdisciplinarias.
- Gravacións do Student's Book, o Workbook e o Teacher's All-in-One Pack (dispoñíbeis en CD baixo pedido).
- Clave de respostas do Workbook e o Language Builder, así como material fotocopiábel do Student's Book.

Novidades da Interactive Whiteboard: INTERACTIVE CLASSROOM

- Communication videos para mellorar a produción oral incluíndo actividades de comprensión e de speaking.
  - Culture videos: contido auténtico e entretido adaptado para cada nivel da ESO incluíndo actividades de comprensión.
  - Grammar Animation: animacións coas que se traballan de forma divertida e visual as estruturas gramaticais, a orde das palabras e outros puntos gramaticais.
  - Vocabulary Presentations: listas de palabras con audio e a súa tradución á lingua propia que axuda a aprender e avaliar o vocabulario.
- 
- Slideshows: presentacións de diapositivas sobre temas culturais
  - Games: unha maneira divertida de repasar gramática e vocabulario.
  - Extra Practice: práctica interactiva de gramática e vocabulario.
  - Speaking Exam Practice: exercicios estruturados en base ao exame CEF.

Everything English Video

- Nove capítulos filmados en Gran Bretaña para ampliar os seus coñecementos socioculturais, centrados na comprensión oral, a expresión oral e a linguaxe funcional.
- Un caderno con tres follas de traballo fotocopiábeis por capítulo. Ensinar con Way to English ESO 3

As nove unidades do Student's Book preséntanse en seccións de dúas páxinas que ofrecen a linguaxe e a gramática necesarias para realizar os exercicios de expresión oral e escrita que hai ao final de cada sección. Hai dous textos por unidade, baseados en material auténtico, un deles relacionado con temáticas doutras áreas curriculares. Tamén se presentan dous grupos de vocabulario temático en cada unidade, e unha actividade de reciclaxe axuda a revisar o vocabulario aprendido con anterioridade, para asegurar o repaso e enriquecemento constante. Os exercicios interdisciplinarios e culturais están integrados nas propias unidades o cal proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática preséntase nun contexto actual tanto no oral coma no escrito. Ao final do libro está a sección Grammar Charts and Extra Practice, que contén cadros gramaticais presentados de forma clara e tamén exercicios de nivel básico para que os alumnos/as cun nivel máis baixo revisen e practiquen os contidos gramaticais. Estes exercicios están graduados para que se poidan realizar de maneira progresiva os exercicios de nivel máis alto da unidade. Estes exercicios están divididos en dous niveis.

As páxinas dedicadas á habilidades proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten que o alumnado practique a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real. O apartado Pronunciation céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todas as seccións do Student's Book, que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar ao alumnado a comunicarse de modo eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados, unidade a unidade, para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Cara ao final de cada unidade está a sección Way to English, que se centra no inglés funcional que se utiliza en situacións comunicativas reais. Esta sección remata cun exercicio práctico baseado nunha situación real.

O Ice Classroom aparece ao longo de cada unidade axudando ao ensino dinámico e constante. Inclúe: Communication Videos, para o ensino da lingua funcional e a práctica oral dando a oportunidade ao estudante de ver unha comunicación da vida real en acción; Culture Videos, para acompañar aos textos culturais e CLIL achegando información adicional adaptada ao nivel lingüístico do alumnado; Slideshows, para obter máis información sobre o tema da unidade mediante presentacións de diapositivas baseadas en contidos culturais e de diferentes áreas curriculares. Son unha achega extra interesante para calquera clase e serven para ampliar os coñecementos xerais dos alumnos/as sobre o mundo que os rodea; Grammar Animation, para traballar os contidos gramaticais con animacións visuais de maneira divertida e en contextos reais; Vocabulary Presentation para presentar e revisar vocabulario, inclúe listas de palabras con audio e a súa tradución á lingua propia que axudará á práctica, á avaliación e á ortografía; Games para a revisión do vocabulario e a gramática a modo grupal con toda a clase; Extra Practice para axudar a repasar a gramática e vocabulario presentado no Student's e Speaking Exam Practice: exercicios estruturados en base ao exame CEF.

Tamén hai tres seccións de repaso no Student's Book. Estas inclúen exercicios de vocabulario e da gramática aprendidos nas tres unidades anteriores, unha páxina de literatura e un proxecto, que inclúe a tarefa Techno Option.

Ao final do Student's Book atópase unha sección culturais e interdisciplinaria chamada Extra Reading. Esta relaciona o inglés con outras materias do currículo escolar (Aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras, AICLE –ou CLIL en inglés–) e preséntalle ao alumno/a unha gran variedade de aspectos culturais dos países anglófonos e do mundo en xeral. Por último, hai unha sección Grammar Charts and Extra Practice, un apéndice para traballar en parellas, un apéndice de pronuncia con máis exercicios e unha lista de verbos irregulares que proporcionan a axuda adicional que o alumno/a necesita. Outros compoñentes tamén son parte integral do método Way to English ESO 3.

O libro “dous en un” Way to English ESO 3 Workbook e Language Builder ofrece apoio práctico para lograr os obxectivos de cada unidade. Os exercicios do Workbook están graduados por nivel de dificultade (os de vocabulario e gramática teñen tres), comezando coas tarefas máis fáciles e avanzando cara ás máis complicadas. Foron coidadosamente elaborados para que os estudantes poidan repasar e consolidar os coñecementos e as destrezas que acaban de adquirir. Tamén se proporcionan exercicios de autoavaliación en

cada unidade, que fan posíbel que os alumnos/as avalíen o seu propio progreso.

- Na sección Vocabulary Reference do Workbook hai un glosario con vocabulario organizado por orde alfabética e por unidade e con linguaxe funcional, organizado por tema. Tamén hai unha sección Language Resource, que contén un apéndice gramatical e unha lista de verbos irregulares. A sección Writing Resource inclúe unha guía de escritura que presenta todos os procesos e estratexias de escritura que se ensinan ao longo do curso, e unhas páxinas Writing Plan para que os alumnos/as organicen os seus traballos escritos. A sección Learning Competences inclúe un informe para completar, sobre a aprendizaxe e evolución dos alumnos/as, así como uns cadros de autoavaliación.

O Language Builder é unha sección a toda cor destinada a repasar o vocabulario e a linguaxe funcional aprendidos. Os alumnos/as elaboran listas bilingües de vocabulario e linguaxe funcional, organizadas por temas, e despois utilízanas en divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.

O recurso Interactive Student inclúe diversas seccións interactivas para axudar aos alumnado na aprendizaxe: Interactive Wordlist (glosario interactivo, práctica ortográfica e actividades de vocabulario), Interactive Vocabulary (exercicios de vocabulario con autocorrección), Interactive Grammar (exercicios de gramática con autocorrección), Dialogue Builders (práctica da linguaxe funcional mediante diálogos), Techno Help (axuda e recursos para realizar as actividades Techno Option) e Communication and Culture Videos (permiten ver os vídeos ao alumnado desde a casa).

Os estudantes tamén dispoñen da Student's Zone na páxina web de Way to English ESO 3, onde atoparán as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book e dos exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do Workbook.

O Teacher's Manual, coas páxinas do Student's Book intercaladas, inclúe claras notas didácticas coas referencias a outros compoñentes, destacando sobre un fondo de cor para facilitar a preparación das clases. Para axudar ao profesor/a na avaliación, inclúense varias follas fotocopiábeis, que seguen as pautas do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (Common European Framework of Reference for Languages). Con elas poderán coñecer mellor o historial dos seus alumnos/as, os seus estilos de aprendizaxe e a súa actitude ante o inglés. Este compoñente tamén contén moita información cultural e interdisciplinaria sobre os temas tratados no Student's Book e actividades extra, opcionais, que permiten sacar o máximo proveito do material.

O Teacher's All-in-One Pack proporciona abundante material fotocopiábel adicional adaptado aos distintos niveis de inglés dos alumnos/as. Contén exames con diferentes niveis de dificultade, tres follas de atención á diversidade por unidade, e actividades extra de expresión oral.

Para axudarr aínda máis ao profesor/a, existe un revolucionario Way to English Digital Teacher's Resources, que inclúe: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais, enteiramente interactivas, do Student's Book, o Workbook e o Language Builder para facilitar as clases e a corrección (ver as seguintes dúas páxinas desta programación); Test Factory and Other Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparamos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

O vídeo Everything English inclúe unha entretida historia en nove capítulos, ambientada no Reino Unido e de gran riqueza cultural, que se centra na comprensión e a expresión oral, o vocabulario e a linguaxe funcional. Vai acompañado de actividades de comprensión de contidos, práctica da linguaxe cotiá e actividades de expresión oral baseadas en exames.

A2)- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

AVALIÁBEIS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS E AS COMPETENCIAS CLAVES.

INDICACIÓN DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E

TEMPORALIZACIÓN

Primeira Lingua Estranxeira. 3º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao Mínimo	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais					
a c d i	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou	1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC CD
			1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC

	<p>elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade.</p> <p>B1.3. Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre</p>	<p>aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>		
			<p>1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>1.5. Comprende,</p>	<p>-</p>	<p>CCL</p>



		<p>asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p><b>B1.5.</b> Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.</p> <p><b>B1.6.</b> Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en</p>	<p>nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CAA CSC CCEC</p>
		<p>1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>		<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>1.7. Identifica a información esencial de</p>		<p>- Conségueo. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>

		<p>que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes.</p>	<p>programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.</p>	<p>consegue totalmente.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conségueo con dificultade.</li> <li>- Non o consegue.</li> </ul>	<p>CCEC CD</p>
<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>					
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de</p>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a</p>	<p>2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conségueo.</li> <li>- Non o consegue totalmente.</li> <li>- Conségueo con dificultade.</li> <li>- Non o consegue.</li> </ul>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe</p>	<p>patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. B2. 2. Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns. B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da</p>	<p>polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>		
			<p>2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

<p>(facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. Petición de axuda ou clarificación. Paralingüísticos: Sinalación de obxectos, uso de décticos ou realización de accións que aclaran o significado. Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. Usar os elementos</p>	<p>actuación da persoa interlocutora. B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.</p>	<p>preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>		
	<p>B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica. B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá</p>	<p>2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
		<p>2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. -</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p> <p>B2.4. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p>	<p>información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.</p>	<p>ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>Conségueo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p>	
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de	B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis	3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións	- Conségueo. - Non o	CCL CAA CSC

e i	información previa sobre o tipo de tarefa e tema. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. Reformulación de hipóteses a	adequadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá. B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles	de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCEC CD
			3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC CD
			3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC CD
			3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e	- Conségueo. - Non o consegue totalmente.	CCL CAA CSC CCEC CD

	partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.	outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	- Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	
		B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC CD
		B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións	3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. -	CCL CAA CSC CCEC CD

		prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar. B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.	interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).	Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	
			3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC
<b>Bloque 4. Producción de textos orais: expresión e interacción</b>					
a c d i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha	B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis	4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC
			4.2. Escribe informes moi breves en formato	- Conségueo. - Non o consegue.	CCL CAA CSC



<p>gramática, obtención de axuda, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p>	<p>comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto). B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes). B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais,</p>	<p>convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</p>	<p>consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCEC</p>
	<p>4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
	<p>4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	

<p>Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva. B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.</p>	<p>textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica.</p> <p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao</p>	<p>relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p>	<p>- Non o consegue.</p>	
		<p>4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
		<p>4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación,</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

		propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.	confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.		
			4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC CD
<b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</b>					
a c d i o	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez. B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras	5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.	- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.	CCL CAA CSC CCEC
			5.2. Aplica	-	CCL

<p>palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira. Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos</p>	<p>doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.</p> <p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no</p>	<p>adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.</p>	<p>Conségueo.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conségueo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
		<p>5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.</p>	<p>- Conségueo.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conségueo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
		<p>5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso,</p>	<p>- Conségueo.</p> <p>- Non o consegue totalmente.</p> <p>- Conségueo con dificultade.</p> <p>- Non o consegue.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>

<p>países onde se fala a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno. Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p> <p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes</p>	<p>evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>		
		<p>5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

<p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e</p>	<p>do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p> <p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que</p>	<p>proprios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).</p>	<p>dificultade. - Non o consegue.</p>	
		<p>5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos</p>	<p>- Conségueo. - Non o consegue totalmente. - Conségueo con dificultade. - Non o consegue.</p>

	<p>avisos.  Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.  Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.  Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.  Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.  Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.  B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre,</p>	<p>proporciona ser unha persoa plurilingüe.  B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.  B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a</p>	<p>transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>		
--	---	---	--	--	--

	<p>lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións. Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e</p>	<p>lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas. B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>			
--	--	--	--	--	--



habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel. B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.					
---	--	--	--	--	--

### Temporalización e secuenciación

Tendo en conta a duración do curso escolar dispónse de 9-10 sesións de docencia para cada unidade en cada trimestre. Por iso, calcúlase que na práctica se impartirán tres unidades por trimestre, agás no primeiro, que serán catro, pero os coñecementos previos, as capacidades, os problemas de conducta e as necesidades específicas de apoio educativo xunto coas demais características do grupo marcarán o ritmo de traballo de cada docente.

Primeiro trimestre: unidades 0,1,2 y 3

Segundo trimestre :unidades 4,5 y 6

Terceiro trimestre: unidades 7,8 y 9

**Nota:** A distribución por trimestres destas unidades estará suxeita ó calendario escolar e ás actividades que realice o centro.

1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
<b>Starter unit:</b> geographical features, jobs, weather, vehicles. There is/are/was/were, articles, quantifiers, present simple/continuous, comparison of adjectives and adverbs. Formal and informal introductions, classroom language.	<b>Unit 4:</b> places in town. A web page. First/second/third conditional. Giving directions. Description of a place- presentation	<b>Unit 7:</b> crime. News. Present simple, past simple Passive. A police interview, laws. Reporting a crime. A newspaper report, connectors of purpose.
<b>Unit 1:</b> journeys, feelings. A blog entry. Past simple /used to, past simple/ continuous. A discussion about a newspaper article, a dialogue about a trip. Describing	<b>Unit 5:</b> adjectives, menus. A magazine article. Relative pronouns, defining relative clauses. A food discussion. Describing food, meals. A restaurant review.	<b>Unit 8:</b> inventions, appliances. A magazine article. Past perfect simple, Past perfect simple/past simple. A biography, a quiz. Past actions, inventions. An essay about an

past events, reporting on a trip. A narrative.	Adjective order.	invention, connectors of purpose.
<b>Unit 2:</b> achievements, activities. A web page. Past simple/present perfect simple. A class presentation. A job interview. Famous people, past experiences and interests. -ed verb endings. A news article. Adjectives and adverbs.	<b>Unit 6:</b> relationships, adjectives of personality. A legend. Modals. A radio programme. Problems. Giving advice. A letter asking for /giving advice.	<b>Unit 9:</b> animal world, parts of the body. A magazine article. Reported speech. Animal description. Reporting a conversation. A report about an animal. Connectors of contrast.
<b>Unit 3:</b> travel (items). A travel magazine article. Future tenses- future continuous. Travel plans. An e-mail.		

### A3) -RÚBRICA DE AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A modo de rúbrica para avaliar os estándares de aprendizaxe en cada unidade, inclúese un cadro modelo, que se pode utilizar para cada unha das unidades do método, indicando a actividade concreta da unidade que avalía os estándares de aprendizaxe, o nivel de adquisición e o instrumento para avaliar que se empregou.

Os instrumentos para avaliar e os niveis de adquisición que se especificaron son os máis xerais, pero cada profesor/a pode ter as súas propias necesidades e adaptará o cadro segundo conveña.

Unidade 1: What a Journey!

Estándares de aprendizaxe	Instrumento para avaliar				Nivel de adquisición			
	Proba escrita	Proba oral	Portf olio	Outros	Cons égueo	Non o consegue totalmente	Cons égueo con dificultade	Non o consegue
<b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>								
1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).								
1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.								
1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).								
1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.								

1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.							
1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.							
1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.							
<b>Actividades</b>							
Student Bool Px.18- Ex. 1-2 ; Px.13- Ex. 4-5; Px. 15-Exs. 6-7 ; Pxs. 18-19; Px. 13- Ex. 9; Culture video Px. 17-18; Libro dixital-link Px.12							
<b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>							
2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.							
2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais,							

<p>e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).</p> <p>Expresión do tempo (points (e.g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of time; duration (from... to; during; untill; since); anteriority (already; (now) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually).</p> <p>Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post).</p> <p>mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>								
<p>2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>								
<p>2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>								
<p>2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas,</p>								

pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.								
2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.								
Actividades								
Student Book Px. 18-Ex.3 ; Px. 19- Ex.3; Px.13-Ex. 9; Px.15-Exs.11-12; Px.1-Ex.9								
<b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>								
3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).								
3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.								
